



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 23 de xaneiro de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/12006

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Educación Física e Deportiva

Departamento: Educación Física e Deportiva

Centro: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Tras analizar a documentación da praza 25/12006, as reclamacións presentadas por D^a Paula Bianchi, D^a Yolanda Escalante González, D. Juan Fariñas Rodríguez, D^a Jessica Rial Vázquez, D. Dan Río Rodríguez, D^a María Rúa Alonso e D. Adrián Varela Sanz, e os informes da Comisión de selección, a Comisión de Reclamacións, na súa reunión de 23 de xaneiro de 2026, acorda:

I. No relativo á reclamación presentada por D^a Paula Bianchi:

- a) desestimar as alegacións da reclamante e ratificar a valoración inicial asignada pola Comisión de selección no bloque I. Formación académica, nos puntos II.2 Calidade docente, III. 4 Bolsas e contratos pre e posdoutorais e III.5 Estadías pre e posdoutorais;
- b) ratificar a revisión da puntuación realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2025, que estima parcialmente as alegacións da reclamante, dos méritos alegados nos puntos III.3 Comunicacións en reunións científicas e III.7 Accións de transferencia e divulgación.

II. No relativo á reclamación presentada por D^a Yolanda Escalante González:

- a) desestimar as alegacións da reclamante e ratificar a actuación da Comisión de selección na valoración de I.1 Expediente académico (grao e mestrado, ou, licenciatura) por estaren as ponderacións correctamente realizadas para todas as persoas candidatas na sección II da folla Excel;
- b) desestimar as alegacións da reclamante e ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección dos méritos da reclamante nos puntos II.1 Formación académica, III.2 Comunicacion en reunións científicas, III. 5 Dirección de teses;
- c) ratificar a revisión das puntuacións realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026, que estima parcialmente as alegacións da reclamante sobre os seus propios méritos en III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación e, con carácter xeral, na valoración da acreditación;
- d) en relación á valoración dos méritos doutras persoas candidatas, estimar as alegacións da reclamante sobre:



- 1) a valoración improcedente de Maestría en Atletismo I. Los saltos como manual docente nos méritos de D. Antonio Sánchez Pato, que debe ser eliminado como mérito valorable no punto II.2 Calidade docente;
 - 2) a valoración das comunicacións en reunións científicas, para solicitar da Comisión de selección que proceda a revisalas para considerar unicamente, e para todas as persoas candidatas, as que contén co aval dunha asociación científica;
 - 3) a valoración improcedente da docencia universitaria alegada pola candidata D^a Paula Bianchi en institucións universitarias brasileiras por non achegar a candidata a certificación orixinal polo que debe ser anulado como mérito valorable;
 - 4) ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026 da puntuación asignada ao candidato D. Juan Luis León Llamas nos puntos II.1 Docencia en titulacións oficiais e III.1 Artigos en revistas científicas;
 - 5) en relación ás restantes alegacións sobre a valoración dos méritos doutras persoas candidatas, ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección nos restantes puntos;
- e) solicitar da Comisión de selección que revise a valoración dos méritos da reclamante nos puntos I.4 Outras titulacións universitarias relevantes para a praza, pois en ningún caso procede valorar títulos que non sexan do nivel explicitamente recollido no citado punto do Baremo (diplomatura, grao, licenciatura, mestrado, doutoramento), e II.1 Docencia en titulacións oficiais, pois non se poden valorar nesta sección nin as estadías docentes no ámbito do programa Erasmus nin a impartición de docencia en cursos de formación continua.

III. No relativo á reclamación presentada por D. Juan Fariñas Rodríguez:

- a) desestimar as alegacións do reclamante e ratificar a valoración inicial dos seus méritos realizada pola Comisión de selección no punto III.3 Comunicacións en reunións científicas;
- b) ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026, que estima parcialmente as alegacións do reclamante no relativo ao punto III.1 Publicacións científicas, en concreto nas puntuacións asignadas a D^a Paula Bianchi e D^a Yolanda Escalante González, e realiza a valoración das acreditacións das persoas candidatas.

IV. No relativo á reclamación presentada por D^a Jessica Rial Vázquez:

- a) desestimar as alegacións da reclamante e ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección nos puntos II.1 Docencia universitaria en titulacións oficiais e III. 3. Comunicacións en reunións científicas;
- b) ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026, que estima as alegacións da reclamante na valoración dos méritos alegados nos puntos III.4 Estadías pre e posdoutorais e III.7 Accións de transferencia e divulgación.

V. No relativo á reclamación presentada por D. Dan Río Rodríguez, desestimar as alegacións realizadas polo reclamante e ratificar a valoración inicial realizada pola Comisión de selección.

VI. No relativo á reclamación presentada por D^a María Rúa Alonso:



- a) desestimar as alegacións da reclamante e ratificar as puntuacións inicialmente asignadas pola Comisión de selección no punto II.1 Docencia universitaria en titulacións oficiais, III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación e III.7 Accións de transferencia e divulgación;
- b) ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026, que estima parcialmente as alegacións da candidata no bloque IV. Experiencia profesional;
- c) solicitar da Comisión de selección que revise a valoración dos méritos do punto II.2 Calidade docente, pois na formación docente recibida cada bloque de cursos de 100 horas constitúe un mérito dos cinco máximos posibles, de maneira que se xa foron valorados outros dous méritos nesta sección, o cómputo das horas de formación docente recibida, independentemente das horas que alegue a candidata, só poderá facerse por un máximo de 300 horas e cada bloque de 100 horas valorarse co máximo de 1 punto. Esta revisión debe realizarse nos méritos alegados por todas as persoas candidatas, cando proceda.

VII. No relativo á reclamación presentada por D. Adrián Varela Sanz:

- a) desestimar as alegacións do reclamante e ratificar as puntuacións asignadas pola Comisión de selección nos puntos III.1 Publicacións científicas, III.3 Comunicacións en reunións científicas e III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación;
- b) ratificar a revisión realizada pola Comisión de selección con data 13.1.2026 que estima as alegacións do candidato no relativo ao punto I.3 Premios extraordinarios e realiza a valoración das acreditacións das persoas candidatas;
- c) solicitar da Comisión de selección que revise a valoración dos méritos do punto II.2 Calidade docente pois na formación docente recibida cada bloque de cursos de 100 horas constitúe un mérito dos cinco máximos posibles, de maneira que se xa foron valorados outros tres méritos nesta sección, o cómputo das horas de formación docente recibida, independentemente das horas que alegue o candidato, só poderá facerse por un máximo de 200 horas e cada bloque de 100 horas valorarse co máximo de 1 punto. Esta revisión debe realizarse nos méritos alegados por todas as persoas candidatas, cando proceda.

VIII. Solicitar da Comisión de selección a remisión dunha nova proposta de provisión e dun novo Excel que recolla o contemplado nos puntos anteriores.

IX. Facer público este acordo.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández